

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA

(Aprobado polo Consello de Goberno da universidade na súa sesión de 15 de maio de 2007)

TÍTULO I

DA NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA

Capítulo I NATUREZA E FINS

Artigo 1

A Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña é unha comunidade universitaria e unha institución pública.

Como comunidade está formada polos docentes que investigan e imparten ensinanzas nela, os estudantes matriculados na escola e o persoal de administración e servizos adscrito.

Como institución está integrada na Universidade da Coruña, en que desenvolve as súas funcións como servizo público para a educación superior no campo da arquitectura, o urbanismo e a ordenación do territorio, garantindo o pleno desenvolvemento da personalidade humana nun marco estable do respecto aos principios democráticos.

A escola fundamenta a súa actividade e a autonomía na liberdade académica, que se concreta na garantía das liberdades docentes, de estudo e de investigación, inspirándose no espírito crítico da ciencia e proclamando o respecto ao pluralismo ideolóxico.

Artigo 2

Son fins da Escola Técnica Superior de Arquitectura:

- A formación e a preparación ao nivel superior do ensino técnico e humanista da arquitectura en todas as súas posibilidades.
- A actualización de coñecementos dos profesionais en exercicio, mediante a formación continua.
- A creación crítica e a transmisión de coñecementos científicos, artísticos e culturais. En particular daqueles que constitúen o núcleo da formación arquitectónica.
- A difusión e a extensión da cultura no ámbito universitario.

A contribución ao desenvolvemento económico e tecnolóxico mediante a investigación propia e en colaboración con outros centros ou institucións públicas ou privados nacionais e estranxeiros. En especial potenciarase a relación coa sociedade galega.

Artigo 3

De acordo co principio de autonomía universitaria (recollida no artigo 27-10 da Constitución), a Escola Técnica Superior de Arquitectura é xestionada pola súa propia comunidade universitaria e organízase e funciona de acordo cos procedementos establecidos no presente regulamento, nos estatutos da Universidade da Coruña e a lexislación que lle sexa aplicable.

Artigo 4

O goberno da Escola Técnica Superior de Arquitectura organízase de acordo cos principios de participación e de representación dos sectores da comunidade universitaria e dos intereses sociais. Establecerase o control adecuado dos órganos de goberno e do cumprimento das obrigas de todos os seus membros.

Artigo 5

Para o mellor cumprimento do seus fins, a Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña, potenciará a articulación das súas actividades co resto dos centros docentes da Universidade da Coruña, co resto das escolas de arquitectura do Estado e con outras escolas e centros de arquitectura asociados a institucións e universidades estranxeiras.

Capítulo II DO NOME

Artigo 6

O nome oficial do centro será Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e así deberá constar en todos os documentos oficiais.

Capítulo III DAS LINGUAS OFICIAIS

Artigo 7

As linguas oficiais da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña serán as recoñecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, sen que se poida facer discriminación por razóns de uso de calquera delas.

A lingua propia da escola é o galego, que será o seu vehículo normal de expresión. Para a súa normalización fomentárase o seu uso en todas as súas actividades.

Capítulo IV DOS ACTOS, DISTINCIÓNS E HONRAS ACADÉMICAS

Artigo 8

Sen prexuízo dos actos académicos xerais da universidade, a Escola de Arquitectura poderá organizar os propios que acorde a xunta de escola. Así mesmo, a escola poderá distinguir coas honras, premios e distincións regulados pola universidade ou cos que ela mesma estableza con carácter periódico ou extraordinario, as persoas e as institucións que se fixesen merecedoras deles.

Capítulo V FUNCÍONS

Artigo 9

Son funcións da Escola Técnica Superior de Arquitectura:

- Organizar e supervisar a docencia conducente á obtención do título de Arquitecto de acordo coas normas e cos planos de estudo vixentes e doutros títulos e diplomas específicos da escola, sen prexuízo das competencias que correspondan aos departamentos.
- Elaborar, propoñer e actualizar os planos de estudos para as posibles especialidades de Arquitectura.
- Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos nela, sen prexuízo de que a universidade poida manter servizos centralizados.
- Expedir as certificacións solicitadas polos estudantes da escola.
- Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
- Participar nos procesos de avaliación de calidade.
- Informar o consello de goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste dos planos de estudo conxuntos con outras universidades, nacionais ou estranxeiras.
- Realizar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente.
- Coñecer a actividade investigadora dos departamentos adscritos a ela ou que inciden dalgún xeito importante no desenvolvemento dos seus programas de estudo.
- Xestionar, coordinar e supervisar os servizos docentes que lle correspondan, así como os

- medios de apoio á docencia e os de investigación dependentes da escola.
- Realizar traballos de verificación, de análise, de experimentación e de normalización en temas propios tanto do campo da arquitectura como do urbanismo e de ordenación do territorio.
 - Intercambiar, difundir e publicar os traballos, os programas de actividades que se realicen, os obxectivos que se propoñan e os resultados que se acaden aos diversos sectores cos que se relaciona.
 - Xestionar un centro de documentación humanística, artística, científica e técnica con fondo bibliográfico propio e intercambio con outros centros desta natureza nacionais e estranxeiros.
 - Emitir ditames, informes e peritaxes sobre cuestións ou materias da súa competencia, cando para iso sexa requirida polas autoridades, tribunais ou entidades oficiais autorizadas.
 - Administrar a asignación orzamentaria da escola e controlar os seus propios servizos e equipamentos.

TÍTULO II

DO GOBERNO DA ESCOLA

Capítulo I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 10

1. O goberno da escola correspóndelle á xunta de escola e a un/unha director/a que estará asistido nas súas funcións por un equipo de dirección formado polo/a subdirector/a-xefe/a de estudos, outros/as subdirectores/as, se é o caso, e o/a secretario/a.
2. O órgano de goberno colexiado é a xunta de escola. Establecerase unha comisión permanente en que a xunta de escola delegará aquelas funcións que se lle asignen no presente regulamento.
3. Todos os membros do equipo directivo constitúen os órganos de goberno unipersoais.

Capítulo II DOS ÓRGANOS DE GOBERNOS COLEXIADOS

Artigo 11

1. A xunta de escola estará composta por:
 - a) O/a director/a, que a presidirá e convocará.
 - b) Os/as subdirectores/as e o/a secretario/a, que o será tamén da xunta.
 - c) Un 70% do profesorado da escola. Todo o profesorado funcionario da escola pertencerá á xunta de centro e representará, polo menos, o 51% do número total de membros desta. Sempre que for posible, o 19% será profesorado non funcionario.
 - d) Unha representación do alumnado nunha proporción do 25% dos membros da xunta de escola
 - e) Unha representación do persoal de administración e servizos nunha proporción do 5% dos membros da xunta de escola.
2. O profesorado que imparta docencia en máis dun centro soamente poderá ser membro da xunta de centro en que desenvolva maioritariamente a súa docencia.
3. Todos os representantes elixidos serano por un período de dous anos.

Artigo 12

1. A xunta de escola reunirse en sesión ordinaria cando o/a director/a a convoque por decisión propia e en sesión extraordinaria sempre que o/a director/a a convoque por propia iniciativa ou a petición, por escrito, da cuarta parte dos seus compoñentes, con expresión do motivo da petición. Neste último caso, reunirse nos 30 días lectivos seguintes á

petición, salvo causa xustificada en contra. En todo caso, reunirase en sesión ordinaria, polo menos, dúas veces ao ano.

2. A convocatoria da xunta de escola anunciarase coa súa orde do día, polo menos, con sete días de antelación á súa realización. Excepcionalmente, en caso de urxencia xustificada na propia convocatoria, poderá efectuarse esta con 48 horas de anticipación.

A orde do día das sesións será elaborada pola dirección e haberá de conter a mención dos puntos solicitados por escrito con anterioridade á convocatoria, polo menos por un vintecinco por cento dos seus membros.

A información sobre os asuntos incluídos na orde do día estará a disposición dos membros da xunta en igual prazo que o establecido para a convocatoria.

3. A convocatoria farase en primeira e en segunda, cunha diferenza de trinta minutos entre ambas as dúas. En caso de que na primeira convocatoria non houberse maioría absoluta, a xunta poderase realizar en segunda co vintecinco por cento dos seus membros. En todo caso, deberán estar presentes o director e o secretario, ou quen legalmente o substitúa.

Artigo 13

O desenvolvemento das sesións da xunta de escola respectará os seguintes extremos:

1. A presidencia da xunta de escola correspóndelle ao/a director/a, quen dirixirá e ordenará o desenvolvemento dos debates, auxiliado polo equipo de dirección, que actuará como mesa da xunta.
2. A mesa interpretará o regulamento, en canto concirna ao ordenamento dos debates e a calquera cuestión procedemental que xurda durante o desenvolvemento da sesión.
3. Todos os membros da xunta teñen o dereito ao uso da palabra en relación cos puntos da orde do día, se ben a mesa poderá fixar un tempo de debate para cada tema e, en función das peticións de palabra, poderá determinar a duración de cada intervención.
4. O presidente velará polo mantemento da disciplina e cortesía académica. Ninguén poderá ser interrompido cando fale, excepto por parte da mesa para ser chamado á orde ou a cingirse ao tema cando estivese fóra deste ou volvese sobre o que xa estivese discutido e aprobado.
5. En todo momento, calquera membro da xunta poderá pedir a observancia da normativa legal e regulamentaria, citando os artigos dos que se solicite aplicación.
6. Nos supostos de excesiva duración da xunta, o presidente poderá dispoñer a interrupción da sesión, fixando o día e hora para continuála.

Artigo 14

As decisións da xunta de escola serán vinculantes para os demais órganos e membros da escola.

Corresponde á xunta de escola:

- a) Elaborar e, se é o caso, modificar o regulamento da escola, así como os seus regulamentos parciais.
- b) Elixir e revogar o/a director/a da escola.
- c) Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
- d) Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plano docente da escola coordinadamente cos departamentos adscritos ao centro.
- e) Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias que impartan na escola os departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación.
- f) Aprobar as liñas xerais da política académica da escola.
- g) Supervisar a xestión dos distintos órganos de goberno e a administración da escola.
- h) Acordar a distribución dos créditos que se lle concedan á escola e controlar a súa aplicación.
- i) Elaborar e aprobar as propostas do plano de estudos da escola, que posteriormente se

remitirá ao consello de goberno da universidade.

- j) Ter coñecemento da implantación de estudos encamiñados á obtención dos títulos e diplomas a que se refire o artigo 37 deste regulamento, así como das propostas dos seus planos de estudo.
- k) Designar cantas comisións xulgue oportunas para o exercicio das súas funcións.
- l) Pronunciarse sobre todos os asuntos de competencia directa do/a director/a que este someta á súa consideración.
- m) Acordar a implantación, a modificación e as normas de funcionamento dos servizos e dos equipamentos da escola e supervisar a súa xestión
- n) Crear, regular e conceder os premios, as honras e as distincións a que se refire o artigo 8 deste regulamento.
- o) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
- p) Calquera outra que lle puideren atribuír as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña

Artigo 15

As votacións da xunta de escola serán persoais, non se admitirá o voto delegado e poderán ser nominais ou secretas. Serán secretas sempre que se trate de avaliación de persoas concretas ou o solicite algún dos membros presentes.

Os acordos serán tomados por maioría simple excepto naqueles casos en que o presente regulamento esixe maioría absoluta.

Todos os acordos serán redactados definitivamente e lidos polo/a secretario/a previamente á súa votación, excepto aqueles en que a xunta decida delegar expresamente a redacción definitiva nun ou en varios membros desta.

Poderán presentarse votos particulares subscritos por un ou por varios membros da xunta, que deberán constar en acta sempre que se solicite expresamente.

Os acordos ou, se é o caso, as propostas destes, publicaranse no prazo de 48 horas no correspondente taboleiro de anuncios.

Artigo 16

As actas das reunións da xunta de escola deberanse aprobar na inmediata ordinaria seguinte e serán asinadas polo/a secretario/a ou persoa que actuará de secretario/a dela, co visto e prace do/a director/a, ou persoa que presidise a xunta. Nas actas figurarán, así mesmo, os nomes dos membros da xunta que asistisen e daqueles que xustificasen a súa ausencia.

Unha vez aprobadas, as actas publicaranse no taboleiro oficial de anuncios da escola, e custodiaranse na secretaría da escola.

Calquera membro da xunta ten dereito a solicitar e a obter unha certificación dos acordos adoptados ou do contido de calquera dos puntos da orde do día reflectidos nas actas das sesións, sen que a súa expedición reporte taxas académicas.

Artigo 17

1. A comisión permanente da xunta de escola estará integrada polo/a director/a, que a presidirá e convocará, o/a subdirector/a ou subdirectores/as, o/a secretario/a, que o será tamén da comisión permanente, e 18 membros da xunta de escola representando os distintos sectores que a integran segundo a distribución seguinte:

- a) Un/unha profesor/a en representación de cada unha das áreas de coñecemento seguintes:
 - Composición arquitectónica.
 - Construcións arquitectónicas.
 - Expresión gráfica arquitectónica.
 - Matemática aplicada.
 - Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas.
 - Proxectos arquitectónicos.

- Urbanística e ordenación do territorio.
 - b) Un/unha profesor/a en representación de cada unha das tres áreas de coñecemento con maior número de profesorado na escola. Se variase a composición da comisión permanente, modificarase a representación do profesorado sinalada neste apartado.
 - c) Sete representantes do estudantado. En todo caso haberá polo menos un representante por cada un dos dous primeiros ciclos da carreira.
 - d) Un representante do persoal de administración e servizos.
2. As áreas de coñecemento, a través dos departamentos, propoñerán os representantes sinalados nos apartados a) e b) anteriores, de tal xeito que un deles sexa necesariamente o/a director/a do departamento, sempre que este pertenza á xunta de escola, ou o coordinador deste na escola, se existise.
 3. Os representantes do alumnado serán elixidos entre os membros deste sector na xunta de escola nunha votación no primeiro pleno que se realice, segundo o regulamento electoral vixente. Procederase do mesmo xeito a escoller os representantes do persoal de administración e servizos.
 4. O nomeamento ou o cesamento dos membros da comisión permanente corresponderá á xunta de escola.
 5. As competencias da comisión permanente serán as seguintes:
 - a) Propoñer a orde do día das xuntas de escola e a data e a hora das convocatorias.
 - b) Efectuar o nomeamento de todos aqueles membros de comisións ou de tribunais que sexan competencia da escola, por proposta dos órganos correspondentes, se é o caso.
 - c) Informar o orzamento anual da escola, elaborado pola comisión económica.
 - d) Elaborar a política académica da escola, de acordo coas liñas xerais aprobadas pola xunta de escola.
 - e) Elaborar e estruturar a proposta dos planos de estudo, de acordo coas directrices xerais vixentes, para a súa aprobación pola xunta de escola.
 - f) Aprobar os horarios de clases e de coincidencia en cada curso académico, así como os calendarios e os tribunais de exames das convocatorias oficiais.
 - g) Propoñer a revisión ou a modificación do regulamento á xunta de escola para a súa aprobación.
 - h) Propoñer candidatos para todos os premios, as honras e as distincións que sexan competencia da escola.
 - i) Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
 - j) Coordinar as actividades da escola velando polo funcionamento das distintas comisións da escola.
 - k) Todas aquelas competencias do pleno da xunta de escola que esta lle delegue expresamente.
 6. O/a secretario da comisión permanente redactará a acta de todas as sesións que realice e dos acordos que tome, baixo a supervisión da dirección da escola. Destes acordos informarase na primeira xunta de escola que se realice con posterioridade á última comisión permanente.
 7. No que se refire ás votacións, ás actas e aos acordos, observaranse os mesmos requisitos que no caso da xunta de escola.

Capítulo III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO UNIPERSONAIS

Artigo 18

1. Ao/á director/a da escola correspóndenlle as funcións de goberno e de xestión da escola e ostentará a representación desta.
2. O/a director/a será elixido pola xunta de escola de entre os profesores/as doutores/as pertencentes aos corpos docentes universitarios adscritos á escola.
3. A elección de director/a realizarase de acordo co establecido no regulamento electoral xeral.

4. A duración do mandato será de catro anos e poderá ser reelixido.
5. O/a director/a cesará na súas funcións ao final do seu mandato, por pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura, aprobada pola maioría absoluta da xunta de escola, por pedimento dun terzo dos seus membros, coa proposta de candidato alternativo.
6. En caso de ausencia ou enfermidade, o/a director/a será substituído/a polo/a subdirector/a en quen delegar.

Artigo 19

1. Corresponde ao/á director/a:
 - a) Representar a escola.
 - b) Presidir as reunións da xunta de escola ou de calquera outro órgano colexiado dela e executar os seus acordos.
 - c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións da escola, polo bo funcionamento dos servizos e polo mantemento da disciplina académica.
 - d) Dirixir a política académica da escola.
 - e) Dirixir e supervisar as actividades da escola, especialmente a organización das actividades docentes.
 - f) Propoñer ao reitor o nomeamento ou o cesamento do/a subdirector/a ou dos/as subdirectores/as e do/a secretario/a.
 - g) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscrito ao centro.
 - h) Presidir a comisión de selección de persoal docente e investigador contratado.
 - i) Exercer as restantes funcións que se deriven do seu cargo, así como aquelas outras que lle sinalaren os estatutos da UDC, ou a lexislación universitaria.
2. As competencias do/a director/a estenderanse a todos os asuntos concernentes ao goberno e á administración da escola que non foren atribuídos a outros órganos.

Artigo 20

1. Os subdirectores/as serán nomeados polo reitor/a, por proposta do/a director/a, de entre os membros da comunidade universitaria da escola.
2. Corresponde aos subdirectores/as dirixir e coordinar baixo a autoridade do/a director/a a área de competencia que este lles asignar. No caso de que existan varios/as subdirectores/as, o/a director/a designará ao que terá que substituílo/a en caso de ausencia ou de enfermidade.
3. Ao subdirector/a-xefe de estudos corresponderalle, ademais, concretamente:
 - a) A planificación, a organización e a supervisión dos estudos, de acordo coas directrices da xunta de escola.
 - b) Elaborar, en coordinación cos distintos departamentos, o horario de clases teóricas e prácticas de cada materia, así como os calendarios de exames das distintas convocatorias oficiais.
 - c) Distribuír e asignar as aulas para clases, exames, conferencias ou calquera outra actividade que se desenvolva na escola.
 - d) Propoñer e remitir á dirección ou á xunta de escola, a través dela, cantos asuntos relacionados coas súas funcións estimar ou considerar precisos.
4. Os subdirectores/as cesarán no seu cargo por petición propia ou por decisión reitoral por proposta do/a director/a da escola.

Artigo 21

1. O/a secretario será nomeado polo reitor/a por proposta do/a director/a da escola. O nomeamento recaerá nun/nunha profesor/a da escola con dedicación a tempo completo.
2. O/a secretario/a é o fedatario dos actos e dos acordos dos órganos de goberno, e de administración da escola

3. Tamén lle corresponde ao/á secretario/a:

- a) Elaborar e custodiar os libros de actas dos órganos colexiados da escola.
- b) Recibir e custodiar as actas de cualificación dos exames.
- c) Expedir as certificacións dos acordos e de todos os actos e todos os feitos que constaren nos documentos oficiais da escola.
- d) Custodiar o selo da escola e o seu rexistro.
- e) Dar publicidade dos acordos dos órganos colexiados da escola.
- f) Coidar a conservación e orde dos edificios e instalacións da escola, así como ter ao seu cargo o inventario da escola.
- g) Propoñer e remitir á dirección cantos asuntos relacionados coas súas funcións estimar precisos.
- h) Exercer as funcións que lle delegar o/a director/a ou que lle encomendaren as disposicións legais vixentes ou os Estatutos da Universidade da Coruña.

4. Cesará nas súas funcións polos mesmos motivos e causas que os/as subdirectores/as.

Capítulo IV DAS COMISIÓNS

Artigo 22

Co fin de colaborar no desenvolvemento das distintas funcións que ten asignadas a Escola Técnica Superior de Arquitectura, crearanse as comisións que figuran no presente regulamento.

Artigo 23

A xunta de escola, poderá crear novas comisións ou suprimir algunhas das existentes. Requiritase a maioría simple no primeiro suposto e a maioría absoluta no último. As comisións extraordinarias terán a composición que se fixe nos seus respectivos acordos de creación. En calquera caso, estarán representados todos os sectores da comunidade universitaria.

Artigo 24

Cando a natureza dos asuntos tratados na comisión o requira, serán invitadas polo/a director/a as persoas ou os representantes que se estimar preciso, que participarán con voz mais sen voto.

Os nomeamentos como membros das comisións serán por curso académico, debendo ser todas revisadas e, se for o caso, renovadas durante o primeiro trimestre de cada curso académico.

Artigo 25

A asistencia ás sesións dos órganos colexiados constitúen un dereito e un deber para todos os seus membros.

Artigo 26

Os acordos das comisións tomaranse por maioría do seus membros asistentes.

Artigo 27

En relación coas convocatorias e coas actas das comisións observaranse os mesmos requisitos que no caso da comisión permanente.

Artigo 28

1. Crearase unha comisión docente que estará formada por:

- a) O/a director/a que a presidirá e convocará.

- b) O/a subdirector/a-xefe/a de estudos.
 - c) Os/as directores/as de departamento sempre que foren membros da xunta de escola ou, se for o caso, os coordinadores dos departamentos na escola.
 - d) Tres representantes dos estudantes elixidos entre os que son membros da xunta de escola.
 - e) O/a secretario da escola que actuará de secretario/a da comisión.
 - f) Un representante do persoal de administración e servizos, elixido entre os que son membros da xunta de escola.
2. Serán funcións da comisión docente, as seguintes:
- a) Supervisar a metodoloxía didáctica e o rendemento dos ensinantes
 - b) Estudar e informar, por instancia do/a director/a da escola, as solicitudes de revisión de exames que o estudantado presentar.
 - c) Manifestarse, por instancia da dirección ou da xefatura de estudos, nos distintos problemas que poidan xurdir entre o estudantado e o profesorado.
 - d) Velar polo compromiso docente e a dedicación do profesorado.
3. A comisión docente reunirase de xeito ordinario cando menos unha vez ao ano e cada vez que for convocada polo seu presidente por decisión propia, por pedimento dun terzo dos seus membros ou por instancia dos representantes dos estudantes.

Artigo 29

Comisión económica.

1. A comisión económica estará constituída por:

- a) O/a director/a que a presidirá.
- b) O/a subdirector/a-xefe/a de estudos.
- c) Un/unha profesor/a en representación de cada un dos departamentos:
 - Composición.
 - Construcións arquitectónicas.
 - Métodos matemáticos e de representación.
 - Representación e teoría arquitectónica.
 - Proxectos arquitectónicos e urbanismo.
 - Tecnoloxía da construción.
- d) Tres representantes dos estudantes elixidos entre os que son membros da xunta de escola.
- e) O/a secretario da escola que actuará de secretario/a da comisión
- f) O xefe dos servizos administrativos correspondentes.

O/a director/a e o subdirector/a-xefe/a de estudos poderán ostentar a representación do departamento a que pertencen.

2. Serán funcións desta comisión as seguintes:

- a) Estudar a distribución do orzamento anual da escola e remitir a proposta correspondente á comisión permanente.
 - b) Velar porque se cumpran, na xestión económica da escola, as normas ditadas pola reitoría e pola xerencia da universidade, así como os criterios xerais determinados pola xunta de escola.
 - c) Resolver as distintas solicitudes de compras que se presenten, de acordo cos criterios establecidos no orzamento anual.
 - d) Realizar anualmente un informe económico interno sobre a utilización do orzamento da escola.
3. Esta comisión reunirase polo menos unha vez por trimestre. Será convocada polo/a director/a por decisión propia, por proposta dun 25% dos seus membros ou por proposta dos representantes de estudantes

Artigo 30

Comisión de validacións

1. A comisión de validacións estará constituída por:

- a) O/a director/a que a presidirá.
 - b) O/a subdirector/a-xefe/a de estudos.
 - c) Un/unha profesor/a en representación de cada unha das seguintes áreas:
 - Composición arquitectónica.
 - Construcións arquitectónicas.
 - Expresión gráfica arquitectónica.
 - Matemática aplicada.
 - Mecánica de medios continuos e teoría de estruturas.
 - Proxectos arquitectónicos.
 - Urbanística e ordenación do territorio.
 - d) Dous representantes dos estudantes elixidas entre as que son membros da xunta de escola.
 - e) O/a secretario/a da escola que actuará de secretario/a da comisión
 - f) O/a xefe/a dos servizos administrativos correspondentes.
- O/a director/a e o subdirector/a-xefe/a de estudos poderán ostentar a representación da área á que pertencen.
2. Serán funcións desta comisión as seguintes:
 - a) Estudar as distintas solicitudes de validación de estudos nacionais e estranxeiros e remitir á comisión de planos de estudo a correspondente proposta de validacións, sempre de acordo coa lexislación vixente e os criterios xerais fixados polo Consello de Coordinación Universitaria.
 - b) Emitir todos os informes sobre validacións que sexan solicitados pola reitoría da Universidade da Coruña.
 - c) Estudar as equivalencias entre as materias dos planos de estudos doutras escolas e o plano de estudos vixente da Escola Técnica Superior de Arquitectura, así como entre os distintos planos de estudo desta e propoñer os correspondentes cadros de adaptación á comisión permanente.
 3. Para o cumprimento dos seus fins esta comisión, a través dos representantes das áreas correspondentes, poderá solicitar informes dos/as profesores/as das materias correspondentes. Estes informes emitiranse por escrito ou ben serán expostos polos ditos representantes na reunión da comisión na que se trate o tema motivo de consulta.
 4. Esta comisión reunirse unha vez por trimestre ou cando sexa necesario por decisión do seu presidente, por proposta do/a xefe/a de estudos, ou por pedimento dun terzo dos seus membros.

Artigo 31

Comisión de biblioteca.

1. A comisión de biblioteca estará constituída por:
 - a) O/a director/a, ou persoa en quen delegar, que actuará de presidente.
 - b) O/a director/a da biblioteca da escola ou, no seu defecto, o/a encargado/a dela.
 - c) Un/unha profesor/a, representando a cada un dos departamentos seguintes:
 - Composición.
 - Construcións arquitectónicas.
 - Métodos matemáticos e de representación.
 - Representación e teoría arquitectónica.
 - Proxectos arquitectónicos e urbanismo.
 - Tecnoloxía da construción.
 - d) Representantes do estudantado en número igual ao 25 % total dos membros da comisión, cun mínimo de 4.
 - e) Un membro do persoal de administración e servizos da escola.
2. Serán funcións desta comisión, ademais das funcións que lle asigne o regulamento do servizo de bibliotecas da Universidade da Coruña:
 - a) Asesorar sobre calquera innovación que se considere necesario emprender na política

- bibliotecaria da escola.
- b) Aprobar o orzamento da biblioteca, elaborado polo/a director/a, para o seu posterior envío ao órgano correspondente.
 - c) Aprobar a política de adquisicións da biblioteca da escola.
 - d) Asesorar nas diferenzas que puideren xurdir nas relacións entre a biblioteca e calquera membro ou grupo da escola, e que non poidan resolverse aplicando o regulamento.
 - e) Supervisar e coordinar a adquisición das obras propostas polos usuarios da biblioteca.
 - f) Asesorar en todos os asuntos que, pola súa importancia especial, se considere necesario someter á súa consideración.
3. A comisión reunirse unha vez por trimestre ou cando sexa necesario, por decisión propia do seu presidente, por pedimento dun terzo dos seus membros, ou por petición dos representantes do estudantado.

Artigo 32

Comisión de cultura.

1. A comisión de cultura estará composta por:

- a) O/a director/a, ou persoa en quen delegar, que a presidirá.
- b) Un/unha profesor/a, en representación de cada un dos departamentos seguintes:
 - Composición.
 - Construcións arquitectónicas.
 - Métodos matemáticos e de representación.
 - Representación e teoría arquitectónica.
 - Proxectos arquitectónicos e urbanismo.
 - Tecnoloxía da construción.
- c) Tres representantes do estudantado elixidos entre os que son membros da xunta de escola.
- d) Un representante do persoal de administración e servizos, elixido entre os que son membros da xunta de escola.

O presidente poderá ostentar a representación do departamento a que pertence.

2. Un dos membros da comisión actuará de secretario/a e será designado na primeira reunión desta.
3. Serán funcións desta comisión as seguintes:
 - a) Elaborar unha proposta xeral de conferencias para cada curso académico, de acordo co orzamento que lle for asignado.
 - b) Organizar e coordinar as actividades culturais que deban desenvolverse na escola.
 - c) Organizar viaxes de estudos de carácter cultural.
 - d) Proxección de películas, vídeos etc.
 - e) Calquera outra actividade que puidese contribuír á difusión da cultura na escola ou no contorno social.
 - f) A organización e a coordinación das actividades culturais propias da escola, así como a coordinación das actividades de asistencia, de promoción e de extensión universitaria.
4. A comisión de cultura reunirse tantas veces for necesario, por decisión do/a director/a, por pedimento dun terzo dos seus membros, ou por petición dos representantes do estudantado.
5. Na primeira xunta de escola de cada ano económico, o presidente da comisión presentará a proposta xeral de actividades para ese ano, así como un informe coas actividades realizadas ao longo do ano anterior e o seu orzamento.

TÍTULO III

DO ESTUDO, DA DOCENCIA E DA INVESTIGACIÓN

Capítulo I DO RÉXIME DOS ESTUDOS

Artigo 33

O acceso, a matriculación e a permanencia dos estudantes na escola rexeráse polas normas xerais da universidade.

Artigo 34

1. A avaliación do rendemento dos estudantes en cada materia será programada polo consello do departamento correspondente e realizada polo/a profesor/a encargado/a do curso ou polo tribunal correspondente.
2. O control do traballo de cada estudante farase mediante un conxunto de exercicios que valoren coñecementos e metodoloxía cara a unha avaliación continua.
3. Concederanse as cualificacións finais de {non presentado, suspenso, aprobado, notable, sobresaliente ou matrícula de honra}, correspondentes á cualificación numérica alcanzada polo estudante, que tamén deberá figurar.
4. A revisión de exames será obrigatoria para o profesorado. A data será fixada o mesmo día da publicación das notas, tendo en conta os prazos que estableza a Normativa Académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións aprobada polo Consello de Goberno da Universidade.
5. No caso de que o estudante considere que a cualificación final recibida non é a xusta poderá reclamar a dita cualificación seguindo o procedemento establecido na Normativa Académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións aprobada polo Consello de Goberno da Universidade.
6. No caso de que a reclamación dese lugar a unha modificación da acta, o/a secretario/a da escola estenderá nela a dilixencia en que se faga constar a nova cualificación, o motivo da corrección, o órgano que resolveu e a data da resolución.
7. Establecerase unha normativa en que queden reflectidos os prazos de entrega de resultados dos exames e traballos e da súa revisión.

Artigo 35

O consello social da universidade sinalará as normas que regulen a permanencia nesta daqueles estudantes que non superen as probas correspondentes nos períodos establecidos.

Artigo 36

A escola promoverá as relacións ou os intercambios dos seus estudantes e graduados con outras entidades públicas ou privadas, españolas ou estranxeiras, que contribúan á ampliación da formación recibida, promovendo os correspondentes convenios a través da universidade.

Capítulo II DA ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN

Artigo 37

A Escola Técnica Superior de Arquitectura ofrecerá estudos dirixidos á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio español, así como estudos encamiñados á obtención doutros títulos ou diplomas.

Artigo 38

1. O título de Arquitecto conseguirase mediante a realización dun proxecto fin de carreira, que consistirá nun traballo de síntese ou monográfico de investigación que supoña a aplicación dos coñecementos adquiridos na carreira. O procedemento para a realización deste traballo regularase no regulamento do proxecto fin de carreira. A súa modificación deberá ser aprobar pola maioría absoluta na xunta de escola e sometida á aprobación do consello de goberno
2. O título de Arquitecto é único e engloba as distintas configuracións curriculares posibles.
3. Tras a conclusión dos estudos, e cumpridos os requisitos establecidos no regulamento do proxecto fin de carreira, a escola tramitará o título académico oficial de Arquitecto, engadindo, se é o caso, a correspondente especialidade para aqueles estudantes que cursaran nos seus estudos os bloques opcionais na forma determinada no seu plano de estudos. Para estes efectos, o estudante deberá cumprir os requisitos establecidos pola lexislación vixente.

Artigo 39

A escola programará e organizará os estudos que darán dereito á obtención dos títulos correspondentes aos dous primeiros ciclos, sen prexuízo da participación dos departamentos na organización deles.

Artigo 40

A organización e a coordinación da realización de prácticas en estudos, en obras ou en empresas vinculadas á arquitectura que sirvan para conceder créditos por equivalencia, realizarase de acordo coas directrices emanadas do plano de estudos, de todo o que se dará conta á xunta de escola.

A acreditación, o recoñecemento e a valoración dos estudos realizados no marco dos convenios subscritos pola universidade, será regulado por esta de xeito xeral, sen que en ningún caso poidan substituír estes a avaliación final que realizará o tribunal do proxecto fin de carreira.

Todo canto for de aplicación no desenvolvemento dos planos de estudo e non viñer especificado neste regulamento, rexerese polas correspondentes normas xerais da Universidade da Coruña.

Artigo 41

A escola poderá establecer, ao mesmo tempo, os estudos de posgrao que conduzan á obtención de certificados e de diplomas de especialización, de acordo coas normas xerais que establecer o consello de goberno en canto á súa organización, aprobación e procedemento de expedición dos títulos correspondentes.

Artigo 42

1. No marco das directrices fixadas polo goberno, a escola organizará e programará os planos de estudo correspondentes ao seus respectivos ciclos e ámbitos de actuación.
2. Os planos de estudo elaborados pola escola deberán ser aprobados polo consello de goberno e postos en coñecemento do Consello de Coordinación Universitaria para a súa homologación
3. Una vez aprobados os planos de estudos, os departamentos deberán remitir á xunta de

escola, para a súa aprobación, os programas das materias que lles corresponda. Estas propostas, así como as de modificación dos programas xa vixentes, deberán presentarse na secretaría da escola, polo menos quince días antes do comezo do curso académico en que entrarán en vigor.

Artigo 43

A comisión permanente poderá nomear anualmente para cada un dos cursos das titulacións impartidas unha comisión de seguimento, que terá por función velar por que a docencia que se imparte nas diversas materias do correspondente curso cumpra os contidos mínimos establecidos pola escola, así como que as correspondentes prácticas e avaliacións se adecúen a elas.

Estas comisións reuniranse coa periodicidade necesaria para o mellor cumprimento das súas funcións.

Artigo 44

1. O período lectivo desenvolverase de acordo co calendario aprobado polo consello de goberno da universidade.
2. O réxime de titoría coincidirá co período de clases e exames establecidos nos planos de estudo.

Artigo 45

A organización da investigación relacionada coa escola corresponde aos departamentos, que a regularán a través dos seus respectivos regulamentos.

Capítulo III DOS SERVIZOS DE APOIO Á DOCENCIA E A INVESTIGACIÓN

Artigo 46

1. Ademais dos servizos xerais de apoio á docencia e á investigación da universidade, a escola poderá organizar os seus propios servizos no ámbito do centro. Estes servizos, sempre que non deban depender dos servizos xerais, regularanse a través do seu correspondente regulamento, que deberá elaborar a comisión permanente da escola e aprobar a xunta de escola.
2. A escola organizará os seguintes servizos de apoio á docencia e investigación:
 - A mediateca.
 - O laboratorio e centro de datos de construción.
 - O laboratorio de fotografía e de medios audiovisuais.
 - Os laboratorios e os servizos informáticos de deseño e de cálculo.
 - O laboratorio-taller de maquetas.
 - Calquera outros laboratorios e servizos de apoio á docencia e investigación que acorde a xunta de escola.

O funcionamento e a estruturación destes laboratorios e servizos será regulado nas oportunas normas aprobadas pola xunta de escola.

3. A Escola Técnica Superior de Arquitectura poderá editar unha revista ou un boletín interdisciplinar, de acordo co regulamento de publicacións da Universidade da Coruña.
4. A escola promoverá a programación e o desenvolvemento de cursos, de conferencias e de todo tipo de actividades culturais, recreativas e deportivas que poidan contribuír á formación integral das persoas que integran a súa comunidade universitaria, atendendo especialmente á defensa, ao desenvolvemento e á difusión da cultura arquitectónica.
5. Na medida en que o aconselle a demanda social, a escola organizará e promoverá actividades de extensión universitaria centradas na divulgación e na formación básica da arquitectura, así como a análise e o debate aberto das cuestións e dos problemas da

sociedade galega e do mundo actual. Para o cumprimento destes obxectivos, a escola poderá dispoñer de instalacións, de equipamentos e de partidas orzamentarias específicas.

TÍTULO IV

DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Capítulo I DO PATRIMONIO

Artigo 47

Todos os bens mobles, os títulos, os valores, os capitais de fundacións propiedades, así como os dereitos sobre eles, da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña e dependencias anexas, son patrimonio da Universidade da Coruña.

Artigo 48

A Escola Técnica Superior de Arquitectura disporá dun inventario dos bens adscritos pola universidade ao centro, que anualmente será actualizado.

Artigo 49

Os bens adscritos pola universidade ao centro poderán adxudicarse para o seu uso aos distintos departamentos que impartan docencia na Escola Técnica Superior de Arquitectura, de común acordo, sempre que for aprobado pola xunta de escola, que poderá delegar esta función na comisión permanente.

Artigo 50

A posibilidade de trasladar bens adscritos ao centro, a outros centros da universidade dentro dun mesmo departamento, será decidida pola comisión permanente, en cada caso, atendéndose aos estatutos da universidade e ao seus regulamentos.

Capítulo II DAS DOAZÓNS

Artigo 51

O réxime de doazóns axustarase ao disposto no título VI dos vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, e demais normas de desenvolvemento que, para o efecto, se ditaren nela.

Artigo 52

O/a director/a da Escola Técnica Superior de Arquitectura, tras a delegación do reitor/a, se for o caso, representará ao centro na sinatura dos concertos de doazón.

Artigo 53

A dirección da Escola Técnica Superior de Arquitectura, procurará que se arbitre os medios materiais e económicos precisos para o mantemento e protección dos bens doados.

Capítulo III DOS ORZAMENTOS E ÓRGANOS DE XESTIÓN ECONÓMICA

Artigo 54

Os medios económicos da Escola Técnica Superior de Arquitectura están constituídos por:

- a) Os créditos asignados a esta nos orzamentos xerais da Universidade da Coruña.
- b) Os que se asignen, conveñan ou obteñan, como consecuencia de servizos, traballos desenvolvidos nas súas dependencias, organización de cursos ou seminarios e aqueles que legalmente se autoricen, de acordo cos estatutos e cos regulamentos correspondentes da Universidade da Coruña.
- c) Os que se conveñan, asignen ou obteñan por subvencións directas ou indirectas procedentes de institucións ou entidades alleas á universidade.
- d) Calquera outras que non contradigan o réxime económico xeral dos Estatutos da Universidade da Coruña.

Artigo 55

Os órganos de xestión económica da Escola Técnica Superior de Arquitectura son: o/a director/a e a comisión económica.

Artigo 56

A elaboración do orzamento anual da Escola Técnica Superior de Arquitectura, axustarase ao estipulado nos estatutos da universidade, e será obriga dos órganos de xestión económica da escola, achegar para a súa elaboración, un informe económico anual de necesidades orzamentaria e medios ou subvencións que se prevexa obter durante o exercicio económico.

Artigo 57

A comisión económica elaborará ao final do exercicio un informe económico que unha vez que o aprobe a comisión permanente, será presentado para a súa información á xunta de escola.

Artigo 58

A realización de convenios, a aceptación de subvencións ou calquera actividade financeira da Escola Técnica Superior de Arquitectura, será aprobada pola comisión permanente, oído o informe da comisión económica e de acordo cos estatutos e regulamentos da Universidade da Coruña.

TÍTULO V

DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 59

Este regulamento poderase revisar e, se for o caso, reformar, por proposta do/a director/a, da comisión permanente ou, polo menos, dun 25% dos membros da xunta de escola.

A revisión solicitarase ao/á director/a da escola mediante un escrito razoado que deberá ir acompañado dunha proposta alternativa.

Artigo 60

Recibida a proposta será sometiva a votación para a súa toma en consideración no pleno da xunta de escola. De recibir os votos favorables dun 40% dos membros da xunta, abrirase un prazo de dez días para presentación de emendas.

Artigo 61

Nunha sesión da xunta de escola procederase á votación das propostas e, de ser o caso, das emendas; aprobarase o texto que obteña maioría de votos. A proposta global de reforma será sometida a votación e entenderase aprobada se obtivera a maioría absoluta dos membros da xunta de escola, en cuio caso o novo texto será remitido á reitoría para a súa aprobación polo

Consello de Goberno. No caso contrario será rexeitada e non se poderá presentar unha proposta idéntica ata que trascorra un prazo de dous anos.

Disposición adicional

Este regulamento interpretarase no marco da LOU, dos Estatutos da Universidade da Coruña e da Lei 30/1992 do 26 de novembro do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición final

O presente regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo consello de goberno da universidade.

ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DA CORUÑA

ÍNDICE

Título I	Da natureza, fins e funcións da Escola Técnica Superior de Arquitectura da Coruña
Capítulo I	Natureza e fins
Capítulo II	Do nome
Capítulo III	Das linguas oficiais
Capítulo IV	Dos actos, distincións e honras académicas
Capítulo V	Funcións
Título II	Do goberno da escola
Capítulo I	Disposicións xerais
Capítulo II	Dos órganos de gobernos colexiados
Capítulo III	Dos órganos de goberno unipersonais
Capítulo IV	Das comisións
Título III	Do estudo, da docencia e da investigación
Capítulo I	Do réxime dos estudos
Capítulo II	Da organización da docencia e a investigación
Capítulo III	Dos servizos de apoio á docencia e a investigación
Título IV	Do réxime económico e financeiro
Capítulo I	Do patrimonio
Capítulo II	Das doazóns
Capítulo III	Dos orzamentos e órganos de xestión económica
Título V	Da reforma do regulamento

